



ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

A mestra de Educación Física infórmales que o alumnado do CEP Sequelo-Marín terá clases de Educación Física dous días á semana.

Estes dous días será necesario que o/a neno/a traia á escola, para poder realizar as sesións de Educación Física, o seguinte material:

- ✓ Roupa deportiva:
 - Chándal, mallas, camiseta,... cómodos.
 - Evitar prendedores no pelo e colgantes cos que se poidan mancar. O pelo longo debe estar recollido cunha goma.

- ✓ Calzado deportivo:
 - Calzado deportivo cómodo. De ser posible con velcro, sobre todo no caso de non saber atar os cordóns.
 - Cando se utilice o pavillón deberán traer outro par de zapatillas ou tenis secos e así evitar riscos innecesarios (esvaróns, caídas, golpes,...) e para non raialo nin estragalo.

- ✓ Unha mochila ou similar con:
 - Seguindo as Instrucións do Protocolo de adaptación a COVID-19, o uso da máscara será obrigatorio tamén durante as sesións de Educación Física. De maneira opcional, poderase traer unha máscara a maiores para o seu cambio logo das sesións de Educación Física.
 - Toalla pequena para secar a suor ó rematar as sesións de Educación Física.
 - Una botella de auga, xa que é recomendable beber antes, durante e despois das sesións de Educación Física, evitando a deshidratación.
 - Unha viseira, para protexer a vista e a cara do sol, cando as sesións se realicen nas pistas exteriores.
 - Excepcionalmente neste curso tan extraordinario, para evitar riscos de contaxio e en cumprimento das normas de seguridade ditadas no Protocolo de adaptación a COVID-19, debido a que actualmente está prohibido utilizar os aseos do pavillón municipal, vémonos na obriga de suspender (mentres a situación actual da pandemia o requira) a muda de camiseta despois das sesións de Educación Física. Deste xeito, só se mudará a camiseta en casos excepcionais.

Agradecendo a súa colaboración, polo ben dos seus fillos/as e os nosos alumnos/as.

Sáúdalles atentamente a mestra de Educación Física

María Teresa Romero Ramos